

## Dereitos dos nenos/as na separación ou divorcio ( T. de Familia de Wisconsin)

CONCELLO DE MEAÑO  
R/ Campo da Feira nº 1  
36968 Meaño  
Teléfono: 986 747585/  
986747102  
Fax: 986 747193

CONCELLERIA DE  
ASUNTOS SOCIAIS



• SE QUERES MÁIS INFORMACIÓN CONTACTA CON NOS:

- A TRAVÉS DO CORREO ELECTRONICO:

SERVIZOS-SOCIAIS@

CONCELLODEMEANO.COM

Tfnos: 986747102/

986747585

INTERESANOS A  
TÚA OPINIÓN

¿QUE TEMAS CHE  
INTERESAN?

A fonte para a confección de este boletín foi:

Guía de Axuda Ruptura de Parella non de Familia

**1.- Dereito** a ser tratados como persoas que teñen intereses e que están afectadas, e non como meras prendas ou posesións.

**2.- Dereito** a expresar os seus sentimentos sobre a separación ou divorcio.

**3.- Dereito** a querer ó seu pai e á súa nai sen ter sentimentos de presión, culpa ou rexeitamento.

**4.- Dereito** a non atoparse nun conflito de lealdades e a non ser aliado en contra de ningún dos seus proxenitores.

**5.- Dereito** a que non lle pregunten sobre a elección dun ou outro proxenitor ou en que lugar prefire vivir.

**6.- Dereito** a manter unha relación produtiva e construtiva con cada proxenitor.

**7.- Dereito** a non ter que tomar decisións propias de adultos.

**8.- Dereito** a seguir sendo nenos/as, sen ter responsabilidades de adultos, sen ter que ser "coidadores de seus pais " ou asumir tarefas propias destes.

**9.- Dereito** a non inmiscuirse nun xogo doloroso entre ámbolos dous proxenitores.

**10.- Dereito** a manter un apoio económico axeitado e proporcionado por ambos proxenitores.

**11.- Dereito** a aprender comportamentos axeitados a través do exemplo de seus proxenitores.

**12.- Dereito** a ter amigos e a participar en actividades escolares e da comunidade.

**13.- Dereito** a lograr éxito académico e prepararse para ser autónomos e independentes.

**14.- Dereito** a coñecer a súa orixe e a formar unha identidade persoal baseada nas súas experiencias.

**Os pais teñen unha serie de obrigas como proxenitores, separando o rol conxugal do parental, deixando o marxe as disputas conxugais, e tomando conciencia de que os fillos/as non son un ben ganancial a repartir, diminuíndo a tensión e dando aos fillos/os unha imaxe positiva do outro proxenitor.**


Existen varios programas na nosa Comunidade Autónoma que axudan a ambos membros que estean en proceso de separación ou divorcio, ou que xa estean separados ou divorciados a ofrecer servizo de atención e apoio especializado:

- **Programa Ruptura de parella, non de familia.**
- **Servizo de mediación Familiar**
- Proxecto Programa de mediación intraxudicial de Pontevedra. Tfno: 881813871

RUPTURA DE PARELLA  
NON DE FAMILIA

## INDICE

- Introducción. - Cambios funcionais e estruturais nas familias	1
- 10 Consecuencias negativas para os fillos/as	2
- O que hai que lembrar	3
- Dereitos dos nenos/as de pais separados ou divorciados - Programas de axuda e apoio	4



España é un dos países con mais taxa de separación ou divorcios. Nun porcentaxe importante estas parellas teñen fillos e esta situación vai a afectar directamente a eles. A ruptura de parella sole ser un proceso largo e doloroso que se desenrola en diferentes etapas. Dende o distanciamento emocional, ata a ruptura definitiva, este feito non tendría que ter consecuencias nos fillos si non fora pola forma no que se desenrola todo este proceso e na actitude posterior a ruptura dos pais e/o das familias de orixe.

Cando os proxenitores mostran un comportamento positivo e axeitado na relación parental, con responsabilidade e cooperación, os fillos/as poden adaptarse con maior facilidade a nova situación familiar, favorecendo un apego positivo e unha maior seguridade emocional.

## Cambios Funcionais e Estruturais na Familia

Cando un o ambos membros da parella toman a decisión de romper a súa relación sentimental, precipítanse unha serie de cambios a nivel funcional e estrutural na familia que repercuten no conxunto da vida de todos os membros.

**Os adultos** enfrontan múltiples consecuencias:

- **A nivel económico:** Na maioría dos casos hai un empeoramento económico en ámbolos dous proxenitores, con mais gastos e diminución de ingresos, polo que isto pode in en detrimentos dos fillos/as.
- **Efectos psicoemocionais,** podendo aparecer sintomatoloxía ansioso-depresiva, nun ou nos dos pais.
- **Aumento de responsabilidades do proxenitor custodio,** o que pode ocasionar que supere as súas capacidades para facerse cargo de todas elas.
- **Os cambios de domicilio, e laborais,** tamén pode ocasionar problemas .

**Os fillos/as** tamén viven axiña os cambios que leva consigo a ruptura de seus pais: cambios de casas, menor contacto cun ou ámbolos dous proxenitores, cambios de amigos, cambios de escola, modificación de horarios e de rutinas etc.

## 10 consecuencias negativas para os fillos/as

► **Sentimentos de culpa.** Con frecuencia os menores séntense responsables da separación dos pais, fundamentalmente cando non se lles ofrecen explicacións sobre a situación.

► **Sentimentos de abandono e rexeitamento.** Os nenos/as, especialmente os mais novos, non entenden por que un proxenitor ten que marchar do fogar, podendo interpretar este feito como un abandono ou rexeitamento cara eles.

► **Sentimentos de frustración.** En xeral, fillos e fillas rexeitan que os seus proxenitores se separen, sostendo a ilusión de manter a familia unida. Cando os pais rompen a relación é frecuente que os nenos /as se sintan frustrados

► **Sentimentos de impotencia e indefensión.** Estes prodúcense como consecuencia da non participación na decisión da ruptura dos proxenitores, e de non lograr a súa reconciliación.

► **Inseguridade.** Os sentimentos de rexeitamento, abandono e impotencia poden derivar en inseguridade.

► **Ansiedade e depresión.** Nestes procesos, os nenos/as, cando non reciben o adecuado apoio e comprensión dos seus proxenitores, manifestan estados de ansiedade e depresión, que se poden acompañar de síntomas de somatización (dor de barriga, dor de cabeza, vómitos...)

► **Conductas regresivas.** Retroceso no desenvolvemento, que leva a emitir comportamentos propios de etapas evolutivas anteriores. Con frecuencia: enureses nocturna, chuparse o dedo, trastornos do sono, rexeitamento á escola, comportamentos problemáticos etc.

► **Comportamento disruptivo.** Comportamentos agresivos, violentos e incluso antisociais, poden aparecer ligados á separación dos proxenitores.

► **Conduas repetitivas.** Algúns menores presentan repeticións nos seus comportamentos verbais e motrices (tics, manierismos).

► **Problemas escolares.** Cando os nenos/as se atopan ante a separación de seus pais, pode que o interese polas actividades cotiás se vexa minguado, entre elas as escolares. Igualmente, as súas capacidades de atención e concentración poden verse resentidas. Deste xeito, a miúdo adoitan aparecer problemas escolares e fracaso académico.

**A separación adoita ir acompañada de múltiples cambios para os fillos/as, e, con bastante frecuencia, con inestabilidade psicoemocional dos proxenitores, enfrontamento entre eles, e pouca ou nula cooperación parental, continxencias que limitan o axeitado desenvolvemento de tarefas de apoio, crianza, coidado, protección e supervisión dos menores.**

**Polo que esta situación supón un alto estrés para os fillos/as**

## O que hai que lembrar

☺ **Hai que lembrar** que os desaxustes poden ser distintos para cada grupo de idade. Os fillos e fillas sempre necesitan apoio positivo.

☺ **Hai que lembrar** que é preciso minimizar o conflito, e nunca inmiscuir aos fillos/as nel.

☺ **Hai que lembrar** que se debe ofrecer unha explicación adaptada á capacidade de comprensión dos fillos/as.

☺ **Hai que lembrar** que canto máis se favoreza a imaxe positiva do pai e da nai, mellor será o axuste psicoemocional dos fillos/as

☺ **Hai que lembrar** que a procura de axuda profesional pode ser necesaria en algúns casos, polo que debemos facilitarlla.

☺ **Hai que lembrar** que os nenos/as teñen dereito a sentirse queridos polos dous proxenitores e con liberdade para recibir e dar afectos ó seu pai, á súa nai, e á familia extensa (avós, tíos, primos)

☺ **Hai que lembrar** que non debe haber discrepancia educativa entre o pai e a nai, ter a mesma liña educativa facilita moito as cousas, aínda que solo se este cos menores os fins de semana.

☺ **Hai que lembrar** que as novas parellas dos proxenitores son importantes na vida dos fillos/as, por iso débese de tomar un tempo antes de que teña presenza e nunca deben ocupar o espazo do pai ou da nai.

☺ **Hai que lembrar** que a situación dos nenos/as trala ruptura debe ser a mais semellante posible á situación anterior a mesma, en canto a calidade de vida (alimentación, vestido, actividades ...)

☺ **Hai que lembrar** que non se é mellor proxenitor por ser home ou muller.

☺ **Hai que lembrar** que non se é mellor proxenitor por consentir mais, o por comprarlles mais regalos, roupa ou lambetadas etc

☺ **Hai que lembrar** que é un dereito dos nenos/as, ademais dunha necesidade, ter unha relación positiva e con continuidade coa familia extensa (avós, tíos, primos ...) de ámbolos dos proxenitores.

☺ **Hai que lembrar** que a separación legal ou de feito non provoca dano o longo prazo nos fillos/as, sempre e cando as súas necesidades, especialmente as psicoemocionais, queden cubertas tras a ruptura.

☺ **Hai que lembrar** que é necesario eliminar o conflito e manter unha relación coparental positiva para que os fillos/as non sufran consecuencias negativas a longo prazo.